

# Acordo sobre o acceso á Función Pública en calidade de profesorado interino ou substituto

(asinado pola Consellaría de Educación e as organizacións sindicais ANPE, CCOO, CSI-CSIF e UGT, o 20 de xullo de 1995)

## Primeiro.

A orde de acceso a función pública docente será a seguinte:

1. Profesorado que supere os procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos docentes, pola orde obtida no concurso-oposición.
2. Profesorado interino, pola mesma orde na que elixiron no curso 1994/1995. Para estes efectos, o profesorado que estivo como funcionario en prácticas no curso 1993/1994 e que pasou á situación de interino en execución da sentenza do Tribunal Supremo de 6 de marzo de 1995, intercalárase na relación de interinos en función da data de acceso ao primeiro posto de traballo docente.
3. Profesorado que realizou substitucións pola orde de acceso ás mesmas sempre que non renunciásen a unha substitución que se lles tivera ofertado.

Decaerá dos seus dereitos e será excluído das listas o profesorado interino ou substituto que non se presente aos procesos selectivos de acceso e ingreso aos corpos correspondentes, agás non que non se convoque a especialidade que está a impartir ou outras causas xustificadas, libremente apreciadas polas partes asinantes deste acordo.

4. Participantes nos procedementos selectivos convocados pola consellaría, que non estean incluídos nas listas dos aspirantes que superaron o procedemento selectivo, sempre que posúan a titulación correspondente.

Este colectivo, ordenarase, a efectos de prioridade na elección de especialidades e dentro de cada especialidade por bloques, de acordo co número de exercicios superados; dentro destes bloques, pola puntuación resultante da fase de concurso oposición unha vez realizada a ponderación prevista no R.D. 850/1993 de 4 de xuño.

Para cubrir as prazas de Ed. Primaria ou, no seu caso, outras prazas sen perfil, elaborárase unha lista xeral pola mesma orde establecida no parágrafo anterior.

## Segundo.

O colectivo citado no parágrafo 4 do apartado primeiro renovarase cada ano que se celebren oposicións, tendo en conta que o persoal que chegase a prestar servizos, quedará integrado no apartado 2 ou 3, segundo corresponda.

## Terceiro.

1. Solicitantes de interinidades ou substitucións, pola orde que figuran nas listas correspondentes, que non chegaron a prestar servizos.

2. Se finalizadas as relacións das persoas mencionadas nos apartados anteriores, continuase resultando necesario cubrir necesidades de profesorado, a Consellaría procedería a abrir un prazo de solicitudes, aplicándose o baremo publicado na Circular nº 11/1991.

## **ADDENDA ao acordo sobre o acceso á Función Pública**

(asinado pola Consellaría de Educación e as organizacións sindicais ANPE, CCOO, CSI-CSIF e UGT, o 30 de setembro de 2002)

O vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO, CSI-CSIF e FETE.UGT asinaron un Acordo sobre o acceso á Función Pública Docente en calidade de profesor interino ou substituto, no que o profesorado que realizou interinidades e substitucións ten prioridade para ser novamente nomeado sempre que non renunciase a unha interinidade ou substitución que se lles tivese ofertado.

Reunida a Comisión de Seguimento, a instancia das organizacións sindicais asinantes, e resultando necesario puntualizar algúns apartados en canto ás circunstancias actuais do profesorado, engádesse a seguinte ADDENDA ó Acordo do vinte de xuño de mil novecentos noventa e cinco:

Apartado primeiro.3.1: O profesorado que prestou servizos como interino e pase a realizar substitucións, así como o que unicamente fixo substitucións, poderá optar por non realizar substitucións, sempre que alegue e xustifique que ten un contrato de traballo ou presta servizos noutro posto do sector público.

Apartado primeiro. 3.2: A opción prevista no parágrafo anterior poderá realizarse por un período máximo de tres cursos académicos consecutivos e por un período mínimo de un curso académico ou ata remata-lo curso académico en que se efectúa.

Apartado primeiro.3.3.- O establecido nos parágrafos anteriores manterase vixente para aqueles profesores ós que se lles ofertase inicialmente unha substitución, aínda que posteriormente tivesen posibilidade de acceder a unha interinidade.

Apartado primeiro.3.4.- Os profesores interinos e substitutos terán dereito a non aceptar as substitucións ou interinidades que se lles ofrezan, por un período máximo de tres cursos académicos e por un período mínimo de un curso académico, por atende-lo coidado dun fillo menor de tres anos, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo; do mesmo dereito se gozará para atender o coidado dun familiar que teña ó seu cargo, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, e que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo, e non desempeñe actividade retribuída.

Apartado primeiro. 3.5.- O profesorado ó que fai alusión o apartado primeiro. 3.4 poderá optar, voluntariamente, durante os períodos máximo e mínimo previstos no mesmo, por realizar substitucións nunha ou varias zonas educativas.